



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA QUINCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO (35/2024)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e corenta e oito minutos do día quince de outubro de dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas. Actúa como Secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 9 de outubro de 2024
2. Aprobación da relación de facturas núm. 061XRRSE/2024
3. Aprobación da relación de facturas núm. 062XOK/2024
4. Aprobación da relación de facturas núm. 063XRRSUad/2024
5. Denegación aprobación factura
6. Aprobación padróns fiscais SAF setembro 2024
7. Concesión tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida
8. Expediente de contratación 2024/C003/000003, da obra contida no proxecto nomeado Modificado proxecto de mellora de capa de rodadura de camiños das parroquias de Val Xestoso, Vilachá e San Fiz. Adxudicación
9. Aprobación conta xustificativa subvención FCA- 2024 (non competitiva)
10. Xustificación subvención nominativa

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 9 DE OUTUBRO DE 2024

O Sr. Alcalde en funcións preguntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 9 de outubro de 2024 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 061XRRSE/2024

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as factura incluídas na relación delas n.º 061XRRSE/2024, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesario para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido, entendendo con isto levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención polas razóns de interese público expostas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	061XRRSE/2024
Importe total	15.326,67€
Número de facturas e gastos que contén	3
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2024/1955
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2024/2169

TERCEIRO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta pero deixar pendente de estudo para unha próxima sesión desta Xunta de Goberno local, polo seu importe, a factura con número de Rexistro de Facturas F/2024/1955.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

3.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 062XOK/2024

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 062XOK/2024 e o informe favorable da Intervención municipal que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que consta acreditado no expediente que están realizadas e en beneficio e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes aos gastos que contén a relación de facturas que se indica a continuación, aos que se lle presta aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	062XOK/2024
Importe total	63.943,00€
Número de facturas e gastos que contén	4
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2024/1986
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2024/2167

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

4.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 063XRRSUad/2024

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as factura incluídas na relación delas n.º 063XRRSU/2024, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesario para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido, entendendo con isto levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención polas razóns de interese público expostas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	63XRRSU/2024 CON AD
Importe total	2.102,69€
Número de facturas e gastos que contén	1
Número do Rexistro da factura	F/2024/1958

TERCEIRO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

5.- DENEGACIÓN APROBACIÓN FACTURA

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a factura á que se refire este expediente, sobre o informes do responsable do contrato e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

punto que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

A empresa EXTERNA SERVICIOS GENERALES DE EMPRESA, S.L., adxudicataria do servizo de limpeza de edificios e instalacións do Concello de Monfero, presentou a factura que se atopa pendente de aprobación con número de rexistro de entrada F/2024/2004.

O Técnico Deportivo do Concello de Monfero, responsable municipal do contrato de servizos de limpeza de edificios e instalacións do Concello de Monfero, informou que tras a revisión da dita factura detecta que durante o período ao que se refire, o contrato NON SE EXECUTOU de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas reguladores desta contratación, polo que informa desfavorablemente a súa aprobación debido a que detecta os seguintes incumprimentos a data 30/09/2024:

- Non se limparon os teitos das casetas da piscina
- Non se limparon os cristais interiores e exteriores das casetas piscina
- Non se fixo o barrido e fregado con máquina a presión do aparcadoiro centro saúde
- Non se limparon as cortinas verticais que protexen as paredes da pista do polideportivo.
- Non se achegaron as fichas técnicas dos produtos de limpeza utilizados nas diferentes instalacións.
- Non se limparon os cristais exteriores das ventás do CPI Virxe da Cela.

Tendo en conta o exposto e en harmonía co informado polo técnico responsable do contrato, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo

Denegar a aprobación da factura da empresa EXTERNA SERVICIOS GENERALES DE EMPRESA, S.L., adxudicataria do servizo de limpeza de edificios e instalacións do Concello de Monfero, con núm. de rexistro de entrada F/2024/2004, núm. de factura C2024 595, de data 30/09/2024, por importe de 2.136,18 €, en concepto dos servizos de limpeza correspondentes ao mes de setembro de 2024, e a solicitude de pagamento que supón.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

6.- APROBACIÓN PADRÓNS FISCAIS SAF SETEMBRO 2024

O Sr. Secretario-Interventor da conta dos padróns fiscais aos que se refire este punto da orde do día, elaborados pola Intervención sobre a base dos informes previos da Sra. Traballadora Social, e da proposta de acordo da Alcaldía que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación referida, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico de referencia:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar os padróns fiscais do prezo público polo servizo de axuda no fogar que se indican a continuación, que constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, elaborados pola Secretaría-Intervención a partir dos correspondentes informes da Sra. Traballadora Social do Concello, que tamén constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e demais documentación relacionada con estes.

Propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobar os padróns fiscais de prezo público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de setembro de 2024, dependencia e libre concorrencia, elaborados pola Secretaría-Intervención do Concello, cos importes, usuarios, e demais datos que constan neles e que se reflicten na táboa que aparece a continuación:

INICIAIS 1º USUARIO	INICIAIS ÚLTIMO USUARIO	TOTAL USUARIOS	MODALIDADE SERVIZO	IMPORTE
BNMA	VGJA	38	DEPENDENCIA	2.705,49€
ALFI	VDL	24	LIBRE CONCORRENCIA	757,24€

2.- Expoñer ao público os devanditos padróns fiscais, mediante anuncios a publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios electrónicos municipal, por prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no BOP, para que os interesados poidan examinalos no Concello e presentar as reclamacións que consideren convenientes. Con dito anuncio notifícanse colectivamente a todas as persoas contribuíntes incluídas neles, as liquidacións que conteñen, conforme autoriza o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3.- O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, segundo o artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, contados dende o día seguinte ao desta data de aprobación do padrón fiscal pola Xunta de Goberno Local, e, transcorrido este, procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da nomeada Lei xeral tributaria e, se fora o caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Canto ao lugar de ingreso e modalidade de cobro, de acordo co previsto na Ordenanza fiscal municipal reguladora deste prezo público, será mediante domiciliación bancaria. Os recibos enviaranse para o seu cargo nas contas bancarias designadas pola persoas contribuíntes entre os días 10 e 12 de novembro de 2024.

4.- Contra este acordo e as liquidacións aprobadas, os/as interesados/as poderán interpoñer preceptivamente recurso de reposición, perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns, que se entenderá desestimado se non se resolvera de maneira expresa no prazo dun mes, e, contra o seu rexeitamento, recurso contencioso-administrativo, perante o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución do recurso de reposición, se é expresa, e no prazo de seis meses dende que se produza a desestimación presunta se non o fose.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

7.- CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

O Sr. Secretario-interventor dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude de tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida, presentado pola persoa interesada que responde ás iniciais G.U.,M.D. con DNI núm. ***5347**, no Rexistro de Entrada deste Concello o día 10 de outubro de 2024, núm. 20240000000908, o informe favorable da traballadora social do día 10 de outubro de 2024, o ditame técnico facultativo do EVO e a restante documentación esixida.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a expedición dunha Tarxeta de Estacionamento para Persoas con Mobilidade Reducida a nome da persoa que responde ás iniciais G.U., M.D válida ata o 15/10/2034, e co núm. 15050-087-24

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

8.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 2024/C003/000003, DA OBRA CONTIDA NO PROXECTO NOMEADO MODIFICADO PROXECTO DE MELLORA DE CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS DAS PARROQUIAS DE VAL XESTOSO, VILACHÁ E SAN FIZ. ADXUDICACIÓN

O Sr. Alcalde en funcións informa sobre este expediente, ofertas presentadas e tramitacións realizadas e dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o expediente de contratación 2024/C003/000003, da obra contida no proxecto nomeado, **Modificado proxecto de mellora capa de rodadura de camiños das parroquias de Val Xestoso, Vilachá e San Fiz**, cun orzamento total de 223.725,61€, financiada pola Deputación Provincial a través do Plan POS+ 2024, que o contratista que a Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero considerou que era o que presentaba a oferta máis vantaxosa que podía ser cumprida e que foi requirido, tras efectuar positivamente as comprobacións do artigo 159.4. f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector, en adiante LCSP, para que cumprira co establecido nas cláusulas 16.1.1 e 16.1.2 do Prego, xa lle deu cumprimento, constituíu as garantías, complementaria e definitiva e presentou as acreditacións necesarias segundo o informe do Arquitecto contratado para o efecto, D. Antonio López Rodríguez, e o informe de fiscalización favorable da Secretaría-Intervención.

Propóñolle á Xunta de goberno local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente do Concello de Monfero que aparecen reflectidos no expediente de contratación tramitado e, en concreto e sen ánimo exhaustivo, os referentes á admisión e rexeitamento das ofertas presentadas, de clasificación, por orde decrecente (Anexo), atendendo unicamente ao prezo, das que non foron declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado no artigo 149 da LCSP, e a proposta respecto destas.
- 2.- Adxudicarlle o contrato da obra descrita no proxecto técnico nomeado, **Modificado proxecto de mellora capa de rodadura de camiños das parroquias de Val Xestoso, Vilachá e San Fiz**, á empresa, LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A., no prezo total de 207.550,25€, e de acordo co resto de características da súa oferta que constan no expediente, pola necesidade de dotar á zona das obras que se describen no devandito proxecto e considerar, en harmonía coa proposta da Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero, coa mesma motivación, que a súa oferta é a máis vantaxosa que pode ser cumprida.
- 3.- Aprobar o gasto correspondente, dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria 2024.0.454.2430.61100.
- 4.- Nomear Coordinador de Seguridade e Saúde e Director Técnico das Obras a D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto.
- 5.- Notificar este acordo a D. Antonio López Rodríguez, ao adxudicatario e ao resto dos licitadores.
- 6.- Publicar esta adxudicación no perfil do contratante desta entidade, aloxado na plataforma de Contratos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

do Sector Público (PCSP).

7.- Requerir á empresa adxudicataria para a formalización do contrato, dentro do prazo máximo 15 hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que se reciba a notificación da presente adxudicación.

8.- Unha vez formalizado o contrato, publicar tal feito no perfil do contratante do órgano de contratación (PCSP).

9.- Logo de asinar o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra, axustado ao Estudio Básico de Seguridade e Saúde do proxecto, para a súa aprobación pola Alcaldía, tras o informe do Coordinador de Seguridade e Saúde. Con anterioridade ao comezo das obras o contratista presentará na Consellería de Traballo e Benestar, a apertura do centro de traballo e comunicarao ao Concello, e, unha vez efectuado este trámite, procederá a comprobación do reformulo e comezo das obras.

10.- As obras someteranse a un control de calidade externo, que levará a cabo unha empresa especializada neste tipo de controis, que contratará o concello, segundo o previsto na cláusula 29 do PCAP.

11.- Anexo

ORDE	EMPRESA LICITADORA	OFERTA (sen IVA)
1	LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	171529,13
2	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ,SL	175282,00
3	EXCAVACIONES SANTIÑOS,SL	177039,00
4	EXCAVACIONES CANDAL SL	178074,49
5	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL	179738,57
6	CTNES. J. MAURI E HIJOS, S.L.	180663,05
7	SONDEOS PORZUNA,SL	181587,54
	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	EXCLUIDA

O alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo

A Xunta de Goberno local, por delegación do Pleno da Corporación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

9.- APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN FCA- 2024 (NON COMPETITIVA)

O Sr. Secretario-interventor da conta das facturas, acta de recepción e da proposta de acordo da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

A Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes, por Resolución de data 07/06/2024, aprobou a concesión dunha subvención por importe de 32.839,59 € para o proxecto de REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN MATERIA DE PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL: ADQUISICIÓN DE COLECTORES DE LIXO , con financiamento a través da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental 2024.

Logo de ver a documentación contida nos expedientes 2024/A008/000002 e 2024/C005/000001 xustificativa da subvención concedida a esta entidade ao abeiro da Orde pola que se regulan os criterios de reparto e a convocatoria de subvenciones del Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, que inclúe, entre outra, acta de recepción e factura.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Prestar aprobación á conta de gastos xustificativa da subvención concedida pola Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia para o proxecto de “REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN MATERIA DE PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL: ADQUISICIÓN DE COLECTORES DE LIXO”, integrada por gastos de investimento, por un importe total de gastos xustificados de 26.618,85 €.

2.- Declarar:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida dita subvención
- Que segundo informe de la intervención municipal, dentro do prazo de execución e xustificación establecido no artigo 30 da Orde, reflectiuse en contabilidade o gasto correspondente á execución do proxecto subvencionado.
- Que os gastos xustificados non foron presentados como xustificantes de subvencións noutros programas ou proxectos nin en exercicios anteriores
- Que, segundo informe da Secretaría-Intervención, a tramitación e contratación das obras, realizouse de conformidade á normativa de contratación do sector público.
- Que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención
- Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención, particularmente as referidas a estar ao corrente das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e de estar ao corrente no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

10.- XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA

O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa favorable e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2024, prorrogado do ano 2023, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do mencionado orzamento, informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle á Xunta de goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
SOCIEDADE DEPORTIVA DE CAZADORES DE XESTOSO	RBF	Actividade Asociación Cinexética	600,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás trece horas e seis minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario